



AMIPA

Comarca do Sar

MEMORIA 2014

**Pessoas con
Discapacidade
Intelectual**

ÍNDICE

1. DATOS IDENTIFICATIVOS
2. INTRODUCCIÓN
3. FUNDAMENTACIÓN
4. OBIETIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN
5. RECURSOS HUMANOS
6. PROGRAMAS E SERVIZOS AO LONGO DO ANO 2014
7. HORARIOS
8. PROPOSTAS DE MELLORA PARA O ANO 2015
9. SUBVENCÍONS E AXUDAS

1. DATOS IDENTIFICATIVOS

- Denominación: **AMIPA. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR**
- Identificación fiscal: G-15611536
- Sede social: CENTRO SOCIAL – CAMPO DO SOUTO, s/n. 15900 – PADRÓN (A CORUÑA)
- Enderezo: SAN TOMÉ DE SORRIBAS, nº2. 15980 ROIS (A CORUÑA)
- Teléfonos: 981.817.202 – 669.051.747
- Inscrita co Nº E-1031 no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia desde o día 28 de novembro de 1997.
- AMIPA foi Declarada Entidade de Utilidade Pública (Orde do 30 de Setembro de 2009. DOG nº 203).
- Enderezo electrónico: asociacionamipa@gmail.com
- Páxina web: www.asociacionamipa.es

2. INTRODUCCIÓN

No presente documento recolle unha análise descritiva do percorrido realizado pola AMIPA ao longo do ano 2014. A Memoria é un instrumento de avaliación, e ten por finalidade recoller os procesos desenvolvidos que afectan á organización, ás familias, ao funcionamento xeral do Centro Ocupacional de Sorribas e ás persoas con discapacidade intelectual ás que se prestan diferentes apoios e servizos. Por este motivo aparecen recollidos non soamente os logros, senón tamén as limitacións xurdidas no desenvolvemento do Plan Anual.

Co fin de artellar estratexias, medios e recursos para a promoción integral das persoas con discapacidade intelectual, recóllense tamén algunhas propostas para desenvolver no ano 2015.

Na elaboración deste documento participaron directa e indirectamente as persoas con discapacidade intelectual (PcDI), o equipo de profesionais, as familias, as persoas voluntarias e os membros da nosa comunidade de referencia.

3. CONTEXTUALIZACIÓN

O ámbito territorial de actuación da Asociación AMIPA é a Comarca do Sar, formada polos municipios de Dodro, Rois e Padrón. AMIPA xestiona o Centro Ocupacional de Sorribas que é o único recurso especializado de atención a persoas con discapacidade intelectual na Comarca. A Comarca ten un censo de 16.459 habitantes (datos 2013, Instituto Galego de Estatística).

O Centro Ocupacional conta con 24 prazas autorizadas, 20 delas públicas, para PcDI con necesidades de apoio límite e intermitente, en idades comprendidas entre os 18 e 59 anos.

Ao longo do ano 2014 foron 22 as prazas ocupadas en Sorribas. Cómpre sinalar que cada vez é máis importante o número de persoas con discapacidade que presentan necesidades de apoio extensas e xeneralizadas, nalgúns casos, por motivos de idade. No mes de setembro produciuse a alta dunha persoa con discapacidade nunha praza privada.

O Centro Ocupacional é un recurso para a atención das PcDI na procura do seu maior desenvolvemento persoal e autonomía social, a través de procesos de formación

individualizados, da práctica ocupacional, da participación na vida da comunidade e da creación de redes naturais de apoio para a súa inclusión social e laboral.

AMIPA continúa optando pola individualización dos apoios ás persoas con discapacidade intelectual, na procura da súa máxima autonomía e benestar.

Na actualidade, todas as persoas con discapacidade contan co seu Plan Individual de Atención (PIA).

No desenvolvemento dos programas e servizos do Centro Ocupacional, así como no PIA de cada persoa con discapacidade, percíbese que a idade das PcDI agrava as situacións de dependencia, o que vén determinando maiores necesidades de atención e apoio, ademais da necesidade de recursos diferentes.

Non somos alleos á realidade socioeconómica e, ao longo destes meses, un ano máis, vivíronse importante incertezas na estabilidade das fontes de financiamento. En relación ao financiamento privado, son cada vez menos as axudas ás que AMIPA pode optar, debido a que se priorizan proxectos con un grande número de persoas beneficiarias, tanto directas como indirectas. Por outro lado, o ano 2014 tamén estivo caracterizado polos axustes económicos. A este respecto é importante matizar que, en todos e cada un dos procesos de toma de decisións, AMIPA situou, por riba de todo, a atención de máxima calidade para as persoas con discapacidade intelectual.

4. OBXECTIVOS e LIÑAS DE ACTUACIÓN

O Plan Anual é un instrumento de planificación útil e significativo. O establecemento de prioridades definiu as liñas de traballo de maneira consensuada ao inicio do ano, permitindo de igual xeito flexibilizar e adaptar as distintas propostas á realidade da persoa e da organización.

Ao longo deste ano continuouse cun intenso proceso de profesionalización.

Foi tamén importante o esforzo por personalizar o Centro Ocupacional, á vez que se continuou coas adaptacións e o desenvolvemento de apoios visuais como estratexia metodolóxica nas actividades e na accesibilidade dos diferentes espazos.

Todas as actividades e propostas de AMIPA foron encamiñadas a favorecer o protagonismo das persoas con discapacidade intelectual. Temos evidencias de que,

cos apoios necesarios, as persoas con discapacidade gañan en autonomía persoal e social, así como no seu benestar integral.

Ao longo do ano continuáronse artellando os requisitos administrativos esixidos no funcionamento do Centro Ocupacional de Sorribas, e en especial, co proceso de implantación dun sistema de calidade no propio Centro Ocupacional.

Tal e como queda reflectido nas actuacións desenvolvidas, unha liña importante de intervención é a apertura de AMIPA á comunidade (a través dun posto no mercado de abastos, desenvolvendo obradoiros artesáns, participando en proxectos xunto a outras entidades, etc.). Son moitas e interesantes as oportunidades que seguen xurdindo neste eido, unhas relacionadas con actividades sociais, culturais e deportivas compartidas coas persoas do noso contorno, outras relacionadas coa creación de redes de colaboración con distintas entidades e organizacións.

En xeral, cumpríronse as liñas de actuación acordadas para o ano 2014.

Foi prioritario a desenvolvemento do Plan Individual de Atención (PIA) de cada persoa con discapacidade, para o cal celebráronse reunións semanais do equipo de profesionais co fin de establecer e facer seguimento do tipo e intensidade dos apoios de cada persoa con discapacidade.

A maioría das actividades e programas que AMIPA pode desenvolver para individualizar os procesos de promoción integral das persoas, dependen de maneira especial das liñas de financiamento público (Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Concellos da Comarca: Rois, Padrón e Dodro). Somos conscientes de que son tempos de seguir buscando novos recursos e diferentes fontes de financiamento; tempos de abrir vieiros de autoxestión dende a entidade e de crear alternativas aos modelos económicos.

Con referencia ás PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

- AMIPA pretende dar resposta ás necesidades de apoio das persoas con discapacidade nas distintas facetas da súa vida, tentando crear lazos co resto de axentes implicados na vida da persoa: os membros da súa unidade de convivencia, a comunidade de referencia, profesionais, administración pública ...

- Diariamente se celebran pequenas reunións matutinas para orientar e informar sobre as peculiaridades do día que comeza, deste xeito establécense tamén canles de participación para as persoas con discapacidade.
- As demandas e propostas das persoas con discapacidade e das súas familias tentan recollerse por medio de diferentes canles: caixa de suxestións, achegas da familia, observación e rexistro de verbalizacións e comportamentos, rexistro das reunións de PIA, entrevistas e conversas informais, revisión diaria dos programas e actividades desenvolvidas,...
- As persoas precisan de acompañamento continuo no seu Plan Individual de Atención (PIA). Os logros e o nivel de satisfacción dos protagonistas son altísimos, mais, todos son procesos inacabados, como a vida mesma, en constante evolución e cambio. Cada PIA, se avalía anualmente, tentando manter unha reunión anual con cada PcDI e os seus familiares ou titores/as legais.
- Semanalmente o equipo multidisciplinar réunese para compartir información, planificar actividades e tomar decisión arredor dos PIAs a desenvolver ao longo da semana.
- A nivel grupal funcionaron o grupo de autoxestores/as e de peludos/as. Ambos grupos elixen e planifican os temas a tratar e as actividades a realizar nas reunións de cada trimestre. As persoas con discapacidade expresan as súas necesidades de cambio na prestación dos apoios profesionais e familiares que reciben, formulando novas necesidades, o que facilita os procesos de planificación centrados en cada persoa.
- Celébranse asembleas trimestrais para favorecer a participación de todas as persoas con discapacidade intelectual.
- As persoas con discapacidade e as profesionais de AMIPA participaron nunha charla conxunta sobre protección de datos de carácter persoal, facendo especial fincapé nos límites da toma e publicación de imaxes.
- As persoas asumen, con apoio, moitas responsabilidades dentro do Centro Ocupacional. Algúns exemplos son os seguintes: a compra do café para os descansos da mañá, reposición de papel hixiénico e xabón no baño, traslado do material deportivo para os adestramentos e chaves das instalacións, separación para a reciclaxe, etc. Para algunhas tarefas establecéronse grupos estables, para

outras distribúense por quendas (posta e recollida do café, da mesa,...), e algunhas dependen de que haxa persoas voluntarias para asumir a responsabilidade.

- Continuamos traballando códigos de cor e o desenvolvemento das adaptacións precisas, para aumentar a autonomía e a participación diaria das PcDI no centro.
- O nivel de participación das persoas con discapacidade en todas as actividades e programas propostos desde AMIPA foi moi alta ao longo de todo o ano.
- Todas as PcDI se adaptaron con facilidade aos cambios e a reorganización en función do traballo ocupacional, sendo moi beneficiosos os cambios de tarefa, as novas actividades e as reunións de coordinación profesional das mañás para planificar o día dunha forma o máis flexible posible. Grazas a isto detectouse unha mellora na resolución de conflitos e maior nivel de satisfacción nas PcDI. Neste eido foron fundamentais os cambios no traballo ocupacional e a rotación de tarefas tanto nas persoas con discapacidade como nas profesionais.

En canto ás UNIDADES DE CONVIVENCIA

- O 60% das familias participa nas Asembleas de Socios e Socias.
- De maneira habitual mantense contacto telefónico co 100% das familias asociadas. As comunicacións envíanse habitualmente por escrito ás persoas e ás súas familias e titores e titoras.
- O 90% dos familiares acoden ao Centro cando se lles convoca a unha reunión para tratar temas que afecten á persoa con discapacidade coa que conviven.
- As familias aportaron informes médicos con referencia ás tomas de medicación que as persoas con discapacidade precisan no horario do Centro Ocupacional. .
- En todo momento téntase dar resposta ás demandas e ás necesidades específicas de cada familia. Tamén faise fincapé en canalizar aos membros das unidades de convivencia as demandas das PcDI e as necesidades puntuais detectadas polo equipo de profesionais a partires do coñecemento da PcDI.
- AMIPA rendeu unha agarimosa homenaxe á persoa que foi a presidenta da Asociación ao longo de 8 anos.

Relativo á XUNTA DIRECTIVA e aos PROFESIONAIS

- Celebrouse unha Asemblea anual de persoas asociadas.
- AMIPA organizou unha charla práctica para familiares das persoas con discapacidade intelectual, sobre a modificación xudicial da capacidade de obrar e o exercicio de cargos tutelares, impartida pola Fundación tutelar galega para persoas con discapacidade intelectual -Sálvora-,
- Todos/as os profesionais de AMIPA participaron en accións formativas organizadas dende o Centro Ocupacional e por institucións especializadas.
- Participamos dentro do Proxecto Symbios, promovido e coordinado pola Consellería de Traballo e Benestar, no II Seminario Técnico do Proxecto Symbios e nunha visita de estudo á Cooperativa de L'Oliveira, en Valbona de les Monges (Lleida), unha iniciativa no rural que desenvolve a actividade agraria como recurso para a inclusión social de persoas con discapacidade intelectual.
- Profesionais de AMIPA colaboraron nun Proxecto da Facultade de Historia da Arte, da Universidade de Santiago, sobre Accesibilidade Cognitiva en museos de Galicia.
- Mantemos unha estreita colaboración coa Fundación Sálvora, quen dende finais deste ano 2013 tutela a unha PcDI usuaria de AMIPA. Dita colaboración é fundamental para que a PcDI conte cos apoios precisos e poida desenvolver unha vida dun xeito o máis normalizado posible no seu contorno de referencia.
- Mantemos relación de colaboración con profesionais da residencia de Pontevea (preto de Santiago), onde vive unha das PcDI.
- Foi necesaria e imprescindible a coordinación e a flexibilidade diaria dos profesionais para poder atender ás persoas con necesidades específicas.

Apertura ao CONTORNO

- No 2014 AMIPA conta con 2 novas persoas sociais colaboradoras.
- AMIPA mantivo relación coas seguintes entidades públicas ao longo do ano: Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Concello de Padrón, Concello de Dodro e Concello de Rois.

- AMIPA traballa en coordinación cos Servizos Sociais municipais de Dodro, Padrón e Rois.
- O Concello de Rois homenaxea a AMIPA no día de San Cidre Labrador, polo súa vinculación á terra a través do proxecto de agricultura ecolóxica no Centro Ocupacional de Sorribas (Rois)
- AMIPA formou parte do “Proxecto Rosalía nos cinco sentidos”, froito da colaboración entre a biblioteca do Concello de Rois, a Fundación e Casa Museo Rosalía de Castro e AMIPA. Ao longo dun trimestre achegouse a figura de Rosalía ás persoas con discapacidade, compartindo traballo con profesionais, entidades e asociacións do contorno.
- Participamos na Semana da Solidariedade, organizada polo IES Félix Muriel de Rianxo (A Coruña), impartindo ás persoas con discapacidade charlas e obradoiros e participando cun posto de venda de produtos artesanais e da horta ecolóxica.
- Desenvolvemos e participamos nuns obradoiros de intercambio de receitas co alumnado do Ciclo Formativo de Atención a Persoas en situación de Dependencia do IES Félix Muriel de Rianxo (A Coruña).
- AMIPA estableceu convenios de colaboración para o desenvolvemento de prácticas pre-laborais, do alumnado de cursos de formación, de Fademga, Lucaser SL e Coesco SL. Durante este ano 2014, tivemos tamén tres persoas de prácticas.
- Participamos no XIV Encontro Autonómico de Autoxestores/as celebrado en Santiago no mes de novembro.
- A formación ocupacional das persoas con discapacidade reproduce a práctica real da empresa ordinaria en base ao convenio de colaboración cunha empresa de accesorios de aluminio do territorio, Stac SL.
- AMIPA participou en actividades deportivas e de lecer da Liga Interclubes da Provincia de A Coruña (Liga Norte).
- AMIPA tamén participou en actividades deportivas e na liga de baloncesto organizada a nivel autonómico por Special Olympics Galicia.
- No mes de xuño celebrouse A GOLPE DE PEDAL!, unha ruta cicloturística aberta a todas as persoas da Comarca do Sar.

- Neste momento cinco tendas da Comarca do Sar e de Santiago colaboran mostrando os nosos produtos e creacións artesanais en pequenos stands de venda ao público.
- AMIPA contou coa colaboración de voluntariado Europeo a través de acordos coa Fundación Paideia.
- Dende o mes de xaneiro ata agosto de 2014, dous venres ao mes, AMIPA vendeu os produtos ecolóxicos da horta de Sorribas na Praza de Abastos de Padrón.
- A páxina web de AMIPA e as novas en facebook, estiveron sempre actualizadas, ampliando o número de persoas seguidoras nas redes sociais.
- Organizamos a actividade “Noite Efervescente”, desfrutando dunha visita á Casa das Ciencias e Planetario da Coruña e participando posteriormente nunha fin de semana de convivencia con persoas doutras entidades e astrónomos que guiaron a observación do ceo, nos Biocos, en Ourense.
- Persoas con discapacidade intelectual do Centro Ocupacional de Sorribas impartiron obradoiros de candeas e xabóns para veciños e veciñas. Os obradoiros organizáronse dende o Concello de Rois e a Asociación de Mulleres O Cantón de Cruces (Padrón).
- Dende o ano 2013, un grupo de cinco persoas con discapacidade intelectual, acompañados por unha educadora de apoio, acude semanalmente, xunto con outras persoas do municipio, á actividade de Ximnasia de Mantemento en Urdilde, organizada polo Concello de Rois.
- Participamos nunha convivencia de Entroido co grupo de persoas da actividade de Ximnasia de Mantemento de Urdilde (Rois).
- Participamos xunto con outras entidades nunha obra de teatro, destinada a persoas con discapacidade intelectual, da Compañía de Blanca Marsillach. Esta actividade foi organizada pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.
- Estivemos presentes nos medios de comunicación locais (Radio Valga), así como en La Voz de Galicia e no Correo Gallego.
- Persoas voluntarias seguen colaborando en diferentes actividades e proxectos.

5. RECURSOS HUMANOS

Os/as profesionais que teñen participado no desenvolvemento dos servizos, proxectos e actividades da AMIPA ao longo do ano 2014, son os seguintes:

- Xerente (35 horas semanais).
- Psicopedagoga (10 horas semanais).
- 3 Educadoras (38,5 horas semanais).
- 1 Educadora (38,5 horas semanais ata o mes de setembro).
- 1 Educadora Social (38,5 horas semanais, ata o mes de setembro e 20 horas semanais ata o mes de decembro).
- 1 Educadora Social (38,5 horas semanais, a partires do mes de decembro).
- 1 Terapeuta Ocupacional (38,5 horas semanais, a partires do mes de decembro).
- 1 Enxeñeiro Agrónomo (20 horas semanais. Ata o mes de xullo).
- 1 Cociñeira, con funcións de limpeza (32,5 horas semanais).

As accións de formación realizadas, organizadas polo propio centro e por entidades públicas e privadas especializadas, foron as seguintes:

- Curso presencial organizado dende o Centro Ocupacional: “Xestión dos conflitos e do estrés”. 6 horas.
- Curso presencial organizado dende o Centro Ocupacional. “Elaboración de papel reciclado”. 2 horas.
- Curso online: “Empatía, asertividade e comunicación non verbal na intervención sociolaboral”. 60 horas.
- Curso presencial: “Nenos, adolescentes e adultos inatentos”. Como identificalos e como axudalos. 8,5 horas.

- Curso presencial de “Adestramento asertivo, aplicado á Psicoloxía e á Educación”. 8,5 horas.
- Curso online. “A psicomotricidade como técnica de intervención na 3ª idade”. 100 horas.
- Curso presencial: “Actividades de tempo libre con persoas con diversidade funcional”. 28 horas.
- 2º Seminario do Proxecto Symbios: “A inclusión socio-territorial. Análise de experiencias a prol duns territorios inclusivos, intelixentes e sustentables”. 8 horas.
- Seminario sobre Emprendemento Sostible no medio rural “Outra maneira de emprender” e visita de estudio a un proxecto no rural de inclusión social de persoas con discapacidade intelectual, do 4 ao 6 de xullo. Lleida (Cataluña)
- I Foro de educación emocional e social: Emociona. 7,5 horas.
- “Xornadas sobre as novas directivas de contratación pública e a súa transposición”. 7 horas.
- “Xornada sobre Modelo de Calidade FEAPS e o seu Sistema de Avaliación”. 5 horas.
- Curso online: “Ética e Responsabilidade Social”. Feaps.
- Curso presencial sobre Coaching. 12 horas.
- Curso presencial. “Adaptación aos cambios nas entidades: ferramentas para o cambio persoal e grupal”. 21 horas.
- Curso presencial de “Cociña Tradicional Galega”. 30 horas.

Outras persoas que participan no desenvolvemento do Proxecto da AMIPA na Comarca do Sar, son:

- 2 días á semana, Educadora Familiar (Técnica do Concello de Rois).
- 2 Monitores Deportivos de Padrón e Rois (nos adestramentos deportivos da semana e en acompañamento nas actividades deportivas da fin de semana).
- 1 profesional da Aula Cemit de Padrón.

- Grupo de voluntarios e voluntarias.
- Xunta Directiva da Asociación AMIPA, formada por 6 persoas.
- 23 socios/as de número.
- 40 socios/as colaboradores.
- 22 persoas con discapacidade intelectual, participantes diarios no Programa desenvolvido pola AMIPA.

6. PROGRAMAS E SERVIZOS DESENVOLVIDOS AO LONGO DO ANO 2014

Ao longo do ano 2014 AMIPA desenvolveuse unha rede de servizos, programas e actividades que tiveron ás persoas con discapacidade intelectual como protagonistas. Nas distintas áreas formuláronse diferentes accións a desenvolver coas propias persoas con discapacidade intelectual, a nivel interno dentro da organización, cos membros das súas familias ou en relación co contorno.

E así, o Centro Ocupacional organizouse arredor de distintas áreas:

1. **Formación ocupacional das persoas con discapacidade intelectual.** Fai referencia a:
 - 1.1 Xestión administrativa e coordinación técnica
 - 1.2 Montaxe de accesorios e complementos do aluminio (coa empresa STAC)
 - 1.3 Agricultura ecolóxica (na horta da Reitoral de Sorribas)
 - 1.4 Obradoiro de artesanía
 - 1.5 Unidade de apoio xeneralizado, na que se seguen ritmos e procesos formativos adaptados ás persoas con discapacidade intelectual con menor autonomía persoal, ocupacional e social.
2. **Formación para a vida das persoas con discapacidade intelectual da Comarca do Sar.** Nesta área inclúese:
 - 2.1. Programas individualizados. Formación integral e continua de cada persoa nas distintas áreas da vida, co fin de acadar a maior autonomía posible cos

apoios específicos e persoais necesarios. Algúns dos programas deste ano son os seguintes:

- Autoxestores/as, peludos/as e asembleas
- Actividades físicas e deportivas específicas e na comunidade
- Tardes de lecer: Quedadas
- Días de convivencia e lecer en Asturias e Noite Efervescente.
- Habilidades da vida diaria
- Participación na comunidade: saídas
- Compra semanal
- Cociña
- Actualízate
- Mantemento de xardín
- Psicomotricidade
- Euro
- Informática
- Relacións persoais
- Nutrición
- Orientación
- Modais na mesa
- Horta dos aromas
- Aforro
- Ximnasia de mantemento en Urdilde (actividade organizada polo Concello de Rois).
- Movémonos
- Horto ecolóxico
- Preparación de vendedores/as para o posto de venta na Praza
- Clases de Inglés
- Aula Cemit

2.2. Grupos de traballo formados polas persoas con discapacidade e os profesionais de AMIPA:

- Apoio ao deseño, desenvolvemento e avaliación dun campo de traballo no que durante unha semana no mes de xullo, conviviron persoas con discapacidade intelectual e mozas e mozos de Valladolid.
- Organización e desenvolvemento de diferentes obradoiros relacionados cos 5 sentidos, inspirados na obra de Rosalía de Castro.

3. **De maneira complementaria**, AMIPA tamén desenvolveu.

- 3.1. Servizo de comedor
- 3.2. Servizo de transporte
- 3.3. Orientación e apoio ás familias.
- 3.4. Deportes e actividade física: Con adestramento de 2 horas semanais e a participación en 2 sábados deportivos ao mes.
- 3.5. Lecer e tempo libre: A través de saídas en pequenos grupos os venres pola tarde e os sábados. No mes de maio as persoas con discapacidade gozaron duns días de convivencia e lecer en Asturias e, no mes de xullo, da Noite efervescente, nos Biocos en Ourense.
- 3.6. Sensibilización na comunidade: son moitas e variadas as actuacións levadas a cabo neste ámbito. A maioría delas veñen derivadas da creación de lazos con entidades próximas, tanto públicas como privadas. Estas actividades xa foron comentadas anteriormente. Velaquí unha mostra das máis significativas:
 - ✓ A golpe de pedal!: Ruta cicloturística aberta a todas as persoas da Comarca do Sar.
 - ✓ Dinamización de obradoiros de candeas e xabóns para veciñas e veciños da Comarca do Sar.
 - ✓ Venda de produtos ecolóxicos no Mercado de Padrón.
 - ✓ Convivencia co alumnado do IES Félix Muriel, na Semana da Solidariedade e nos obradoiros de intercambio de receitas.
 - ✓ Proxecto de “Rosalía nos cinco sentidos”

7. HORARIOS

HORARIO XERAL:

O horario de atención as PCDI en Sorribas Centro Ocupacional foi de 1.650 horas anuais, adaptando este horario á disposición do servizo. O horario habitual de permanencia no Centro Ocupacional foi de 10:15 horas a 17:30 horas, de luns a venres, podéndose ampliar puntualmente por motivos relacionados coas actividades dos programas. Sorribas estivo pechado por vacacións estivais ao longo do mes de agosto. Os períodos de vacacións coincidiron cos do calendario escolar, Nadal e Semana Santa.

HORARIO OCUPACIONAL:

Os talleres ocupacionais funcionaron en horario de mañá, de 10:30h a 14:00h do mediodía, e na sesión de tarde de 15:30 horas a 17:30 horas. Tendo unha hora e media de comedor (14:00h-15:30h).

HORARIO DOS PROGRAMAS:

Os programas se desenvolveron en paralelo á actividade laboral. Cunha franxa horaria de 10:30h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h.

HORARIO DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

Os servizos complementarios do Centro Ocupacional desenvóléronse de luns a sábado, en sesións de mañá e tarde.

8. ALGUNHAS PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PARA O ANO 2015

A partires dos datos dunha análise DAFO, establecéronse as liñas prioritarias de actuación e os proxectos a desenvolver no ano 2015. As liñas de actuación do ano 2015 estarán especialmente dirixidas a favorecer a presenza das persoas con discapacidade intelectual na comunidade.

O Plan Anual desenvólvese fundamentalmente a través de 4 ámbitos de actuación:

- a) Apoio ás persoas con discapacidade intelectual
- b) Coordinación interna
- c) Apoio aos membros das unidades de convivencia

d) Apertura ao contorno

Algunhas das liñas de actuación a desenvolver en 2015 son as seguintes:

- Dar continuidade aos PIA de cada persoa con discapacidade intelectual establecendo obxectivos anuais en relación cos programas e actividades a desenvolver.
- Manter a oferta de programas Individualizados adaptados ás necesidades e intereses de cada persoa con discapacidade intelectual.
- Dar apoios ás persoas con discapacidade intelectual para que sexan as verdadeiras protagonistas e dinamizadoras das actividades vinculadas ás liñas de actuación deste ano.
- Desenvolver actividades específicas para a mellora da saúde e do benestar integral de cada persoa con discapacidade a partires de diferentes contidos: saúde física e mental, alimentación, hixiene, avellentamento e actividade física.
- Favorecer o contacto con persoas con discapacidade intelectual doutras entidades, formulando diferentes actividades conxuntas ao longo do ano.
- Celebrar reunións semanais do equipo de profesionais co fin de establecer e facer seguimento do tipo e intensidade dos apoios de cada persoa con discapacidade a través do seu PIA.
- Manter as reunións de seguimento con cada persoa con discapacidade no seu PIA.
- Realizar reunións da persoa con discapacidade intelectual, coa/s persoa/s de apoio e co/s membro/s de referencia da súa unidade de convivencia, co fin de favorecer a colaboración e a mellora da prestación de apoios para a promoción integral da persoa e o desenvolvemento dos seus proxectos persoais.
- Continuar co proceso de implantación en AMIPA dun Sistema de Calidade ISO e co Sistema de Calidade de FEAPS, no nivel de Compromiso.

- Desenvolver o sistema de avaliación por competencias establecido no Convenio Colectivo vixente.
- Favorecer procesos de participación das persoas que forman parte da Xunta Directiva de AMIPA.
- Visitar distintas empresas da Comarca co fin de establecer novas formas de colaboración con AMIPA.
- Ampliar a rede de difusión e comercialización da produción ecolóxica da horta de Sorribas e da artesanía realizada no Centro Ocupacional.
- Dar a coñecer a accesibilidade universal como vía de inclusión social para as persoas con discapacidade intelectual no seu contorno.
- Algúns dos Programas Individualizados propostos para comezar a desenvolver ou manter no primeiro semestre do ano 2015, son os seguintes:
 1. Autoxestores/as, peludos/as e asembleas
 2. Aforro
 3. Euro
 4. Compra semanal
 5. Orientación
 6. Relacións persoais
 7. Actualízate
 8. Informática
 9. Cociña
 10. Horta dos aromas
 11. Mantemento do xardín
 12. Ximnasia de mantemento en Urdilde (actividade organizada polo Concello de Rois).

13. Psicomotricidade
14. Manexo do teléfono
15. Reloxo
16. Obradoiro de papel reciclado
17. Quedadas: as tardes do venres e os sábados
18. Días de convivencia e descanso
19. Actividades físicas e deportivas específicas e na comunidade
20. Formación para o mercado

9. SUBVENCÍONS E AXUDAS PERCIBIDAS POLA ASOCIACIÓN AMIPA AO LONGO DE 2014

Neste eido cómpre salientar:

- O contrato asinado coa Consellería de Traballo e Benestar con referencia á xestión do servizo público para a reserva e ocupación de 20 prazas públicas en Centro Ocupacional para Persoas con Discapacidade. Na modificación e 4ª prorroga do contrato (do 1 de xaneiro de 2014 ao 31 de decembro de 2014) o importe destinado pola Administración ascendeu a 139.533,60€, que corresponde, dunha banda á prestación do servizo de atención diúrna por importe de 103.893,60€ e, doutra banda á prestación do servizo de transporte por importe de 35.640€.

E, as subvencións e axudas dos seguintes organismos públicos:

- Xunta de Galicia, Subvencións da Consellería de Traballo e Benestar Social (Programas de Cooperación 2013-2014, concesión por 9 meses de 1 educador/a social e 1 monitor/a-educador/a. O importe imputado ao ano 2014 foi de 28.876,54€ sendo o importe total concedido de 32.668,92€.
- Xunta de Galicia, Subvencións da Consellería de Traballo e Benestar Social (Programas de Cooperación 2014-2015, concesión por 9 meses de 1

educador/a social e 1 terapeuta ocupacional. O importe imputado ao ano 2014 foi de 3.745,68€ sendo o importe total concedido de 33.711,12€

- Corporacións Locais: Deputación da Coruña para mantemento de Servizos Sociais (9.912,06 € €) e Concellos de Padrón, (12.000€) e Rois (2.000€) e Dodro (500€), para mantemento de actividades.

Sorribas, marzo 2015

www.asociacionamipa.es